

Moi boas tardes a todas e a todos.

Quero empezar dando as grazas á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega por terme invitado a participar neste acto de merecido recoñecemento a Pablo Quintana como MESTRE DA MEMORIA. En primeiro lugar por facelo aquí, neste edificio recuperado para a cultura e a memoria. E ademais, ás poucas horas de que o máximo responsable do drama, dos dramas, que se viviron dentro destes muros perderá por fin o anómalo e incomprensible honor de repousar nun mausoleo.

Estamos aquí para recoñecer a traxectoria de Pablo Quintana, natural de Os Ocos, na parte oriental de Galicia, aínda que administrativamente pertence a Asturias. Terra de orixe, como sabedes, do Marqués de Sargadelos, esta comarca, reserva da biosfera dende o 2007, é un auténtico paraíso natural que garda, tamén, un magnífico patrimonio cultural, arqueolóxico e etnográfico. Por iso non sorprende que o neno que soñaba con ser piloto de avións (felizmente ás veces os soños non se cumpren) acabase por ser investigador da cultura, divulgador, escritor, músico e finalmente editor. Múltiples formas de manifestar unha vocación, case unha obsesión, xa dende neno pola cultura popular nas súas diferentes manifestacións.

Coñezo a Pablo dende hai moitos anos. Aló polos anos setenta compartimos escenario en máis dunha ocasión nalgún daqueles festivais que proliferaban no país. Anos de efervescencia política e cultural despois de corenta anos de silencio do franquismo. Anos nos que, xa morto o ditador, o réxime continuaba co control e a represión, polo que os que cantabamos tiñamos que mandar ao goberno civil as letras das cancións que íamos interpretar para pasar a correspondente censura. E a autoridade decidía o que se podía e o que non se podía cantar. E por suposto, en todos os concertos, os que interpretabamos música cantada,

viamos sempre en primeira fila a un funcionario que, coas letras na man, comprobaba se nos axustabamos ou non ao autorizado.

Pero os nosos destinos cruzáronse definitivamente na Coruña, cidade á que os dous chegamos cando, despois de facer o servizo militar obrigatorio, iniciabamos a nosa vida laboral. El, que daquela compatibilizaba os estudos de arquitectura coa súa afección á música, decidiuse finalmente por esta, e eu apunteime ao ilusionante proxecto da recién creada discográfica galega RUADA, un proxecto empresarial que todos, músicos e xente da cultura en xeral, acollemos con entusiasmo porque viña resolver algúns dos problemas da música galega; sobre todo a posibilidade de afrontar producións que, non sendo rendibles economicamente e, polo tanto, fóra do obxectivo das discográficas tradicionais, si tiñan un elevado interese dende a óptica da cultura galega. Todos pensabamos que era a grande oportunidade de crear unha “memoria fonográfica” do país ata daquela dispersa en multitude de selos discográficos alleos.

O obxectivo cumpriuse só a medias, porque a efémera existencia da empresa (lamentablemente non chegou as cinco anos) non permitiu que o proxecto tivese continuidade. Pero aí quedou un catálogo dun cento de discos, algún dos cales forma parte da historia musical do país.

Dúas foron as achegas de Pablo Quintana a esa historia: a primeira en 1981. Foi o primeiro volume dunha serie que tiña a vocación de ser a memoria sonora do país e que levaba por título xenérico *RECOLLEITA*. Aquel primeiro volume estaba dedicado a dous personaxes que representan dúas formas de expresión musical tradicional ben importantes: OS CEGOS e AS PANDEIRETEIRAS. Por un lado FLORENCIO, o Cego da Fontaneira, o último dos cegos que percorreron o noso país acompañados dunha zanfona ou, como neste caso, un violín, contando e cantando historias. E pola outra a pandeireteira EVA CASTIÑEIRA, orixinaria de Arganzón (Muxía), e que daquela vivía no barrio coruñés de

San Pedro de Visma, onde compatilizaba as súas actuacións co traballo como asistente doméstica.

Lamentablemente aquela colección que Pablo coordinaba, para a que tiña xa unha longa lista de candidatos para posibles discos e da que mesmo se chegou a facer, creo lembrar, algunha gravación máis, quedou finalmente nun único volume polas dificultades financieras da empresa. Pero ese único disco forma parte importante da historia da nosa música. Pódese dicir que foi o primeiro rexistro fonográfico dunha pandeireteira e o último dun cego andante. Tivo ademais unha grande influencia noutros músicos: o primeiro disco de PANCHO ÁLVAREZ, coñecido músico porriñés, leva por título *FLORENCIO, O CEGO DOS VILARES*, e versiona algún dos temas desta gravación; e polo que respecta a EVA CASTIÑEIRA baste citar só algún dos grupos de pandeireteiras/cantareiras que saíron nos anos seguintes: LEILÍA, que lle dedicou o seu disco *ConSentimento*, TANXUGUEIRAS, IALMA, XIRADELA ou FALTRIQUEIRA, por citar só algunhas.

Tamén na pequena historia da música galega está o seu disco *O CEGO ANDANTE*, editado en 1982. Un disco pioneiro de música tradicional que, por repertorio, instrumentación e arranxos, inspirou moitos outros músicos nos anos posteriores abrindo novos camiños para a música galega.

Pero *O Cego Andante* é, sobre todo, a culminación artística dun intenso traballo de investigación etnográfica iniciada moitos anos antes polas aldeas galegas, especialmente nas da súa terra natal. Pablo Quintana soubo dende moi novo da urxencia desa recollida. Un material valiosísimo co risco de se perder unha vez desaparecido definitivamente o modo de vida que o inspirou. Un camiño de recuperación etnográfica que antes percorreran, en épocas de menos urxencia, Castro Sampedro, Xesús Bal y Gay, músico e musicólogo lugués nado en 1905, ou, nos anos 50, o etnomusicólogo americano Alan Lomax, entre outros, e que culminaría co

excelente *Cancioneiro Popular Galego* de DOROTHÉ SCHUBARTH e ANTÓN SANTAMARINA.

Interesantísimo, fóra do campo musical, foi o rigoroso traballo de investigación sobre todo o relacionado coa produción artesanal de obxectos de ferro na comarca de Os Oscos. Un documentadísimo traballo en dous volumes editado pola Asociación Os Castros no ano 2005.

E se importante foi o seu labor como investigador e estudoso das nosas tradicións, non menos importante é a súa faceta de divulgador. Ten publicado, tanto en papel como en soporte audiovisual, abundantes e documentados traballos en diversos campos, mais de maneira especial sobre música e instrumentos tradicionais. En medios escritos, prensa e revistas especializadas, por citar só algúns, destacaríase os que fixo sobre danzas tradicionais, un campo sobre o que todo o mundo reconece a Pablo Quintana como unha referencia no noso país, traballos xenéricos sobre danzas gremiais e procesionais e específicos sobre a Danza de Reis de Riofrío, na comarca de Mondariz, e sobre a danza de Vilanova dos Infantes en Celanova. Publicou, igualmente, interesantes artigos sobre os instrumentos tradicionais e sobre os instrumentos do Pórtico da Gloria. Destacar por último as súas publicacións sobre as tradicións da Semana Santa e o Corpus en Galicia.

En soporte audiovisual guionizou e dirixiu gravacións documentais sobre a olería de Gundivós, a olería de Niñodagua, a pratería e a acibechería en Compostela, así como sobre o tocar pechado na gaita e sobre instrumentos de percusión.

Pero se hai un instrumento polo que sentiu unha especial predilección como investigador e divulgador, foi sen dúbida a zanfona. Aparece xa tocando unha na portada do seu disco *O CEGO ANDANTE*, personaxe popular absolutamente ligado a este instrumento, aínda que os últimos cegos, Florencio entre eles, usasen un violín en vez da zanfona por

diversos motivos: económicos, de facilidade de afinación, dispoñibilidade e mesmo de facilidade de transporte. Cousas das que sabe moito Pablo, que dedicou moito tempo a estudala en profundidade e a difundir o seu coñecemento. Tan en profundidade que ata se apuntou a un curso para aprender a técnica da súa construción precisamente aquí en Lugo, no Obradoiro Escola da Deputación. Coñecementos que despois divulgou amplamente en conferencias e publicacións diversas.

A súa faceta como divulgador complétase con dúcias de programas de radio especializados, como non podía ser doutra maneira, en música tradicional. Quero lembrar un que escoitei moitas veces e que se titulaba *GRAMALLEIRA* que, como ben sabedes, era unha cadea de ferro pendurada sobre a lareira da casa tradicional galega, centro e alma das casas labregas no pasado, onde se comía, bebía, cantaba e contaban contos a carón do lume.

Foi curiosamente a radio a que nos privou moitos anos do seu valioso traballo de investigador-divulgador e tamén a que, no plano persoal, nos separou xeograficamente. No ano 1985 eu abandonei unha praza interina como técnico de son en Radio Nacional de España para incorporarme á Radio Galega en Santiago. Despois foi Pablo quen se incorporou, xa en propiedade, á praza da que eu marchara. Podemos dicir que el herdou o meu traballo e abandonou a música, e eu herdei o seu acordeón. Por certo, Pablo: eu non aprendín a tocalo decentemente, pero aquel acordeón segue gozando de boa saúde aínda hoxe, senón é por unha lixeira afonía no fa sostido... Nada grave.

Comezou así unha longa etapa de silencio na que se dedica a tempo completo ao seu traballo como técnico de son e a sacar adiante a súa familia, abandonando totalmente o labor de investigación e divulgación. Felizmente, unha xubilación anticipada no ano 2008 permitiunos recuperalo para ben da cultura galega. E comezou así a, polo momento, última etapa a prol da cultura popular: a de editor.

No 2008 funda a EDITORIAL CANELA, unha editorial que amosa, unha vez máis, a incansable loita de Pablo Quintana pola pervivencia da nosa cultura tradicional. Non é momento de facer un relatorio do xa amplo catálogo que leva editado até o momento. É doado atopar esa información achegándose á [páxina web](#) da editorial, na que se pode acceder a unha ampla información sobre cada unha das edicións. Só quero subliñar que son libros moi coidados, cunha gran calidade de impresión e, sobre todo, ben elaborados. E o que é máis importante: moi ben documentados, unha obsesión que xa tiña como investigador e que mantén como editor. Libros, ademais, de temáticas ben diversas que van dende a biografía até a fotografía, a artesanía, a narrativa ou a poesía e unha atención especialísima aos últimos protagonistas vivos da nosa cultura que van quedando.

Non son estes tempos doados para as empresas culturais. Seguramente nunca o foron. A discográfica RUADA da que antes falabamos é un bo exemplo, independentemente do ben ou o mal que o fixemos os que tiñamos a responsabilidade de sacala adiante. Cada mes ouvimos novas de que pechou unha librería, deixou de editarse unha revista ou un xornal, ou abriu unha sala de xogos onde había un cine. Por iso non abonda con que se abran empresas novas, por moi orgullosos que nos sintamos delas. Temos que poñer a nosa parte e facer o posible para que non teñan que pechar ao cabo duns anos. Lembro que na época de Ruada utilizabamos un slogan publicitario que dicía: “Regala cultura. Regala discos galegos”. Segue sendo válido e perfectamente aplicable aos libros. E os da Editorial Canela son un excelente agasallo para calquera momento.

Cando me invitaron a participar neste acto viña de publicarse o último estudo do Instituto Galego de Estatística sobre o uso da lingua galega. Non debemos esquecer que a fala é a construción cultural máis relevante e un factor clave para a constitución da comunidade cultural. Sen entrar en

detalles, os datos non invitan ao optimismo de cara ao futuro porque o uso do galego está baixando de forma preocupante entre os máis novos, os galegos do futuro. E teño a impresión de que as autoridades responsables non son moi eficaces na defensa do futuro deste patrimonio. Ou o que é peor: poderíase falar dunha “eficacia para mal”, como escribía hai uns días a filóloga luguesa Pilar García Negro a propósito deste informe.

Pero hoxe non quero traer a este acto ningún pesimismo. Prefiro quedarme con que na Galicia de hoxe a música tradicional ten centos de intérpretes e aumentan cada ano; o público asiste aos concertos de forma maioritaria; a xente nova, nenos e nenas, aprenden a tocar instrumentos galegos, visten con orgullo o traxe tradicional e aprenden bailes e danzas do país; os artesáns fan instrumentos e continúan investigando para mellorar a súa sonoridade, permitíndolles, ademais, vivir do seu traballo; hai tamén escolas para aprender a construílos; dúcias de intérpretes crean cada día música de inspiración tradicional; a música galega viaxa polo mundo con grande aceptación, e non hai que esquecer que todos os artistas que conseguiron proxección internacional (Carlos Núñez, Berrogüetto, Luar Na Lubre, Milladoiro, etc.) ou ben tocan música tradicional ou música propia con fondas raíces nela. E isto non sucede por casualidade: débese ao traballo e á dedicación durante moito tempo de centos de mulleres e homes que, como Pablo, conseguiron e conseguen transmitirnos orgullo por todo o noso, polo que nos identifica como pobo. Tamén é verdade que queda tarefa por facer: en poucos días, nas datas de Nadal, volveremos cansarnos de escoitar polos altosfalantes dos centros comerciais e polas rúas das cidades como “*beben y beben los peces en el río*” ou “*la Virgen se está peinando entre cortina y cortina*” cando temos un dos patrimonios máis importantes de Europa de villancicos e panxoliñas, moitos deles xa recuperados e gravados en discos.

Dicía Don Ramón Piñeiro no seu libro *Olladas no futuro* que «o ser de Galicia depende da súa permanencia como cultura. Se a nosa cultura morre, Galicia desaparecerá do mapa espiritual de Europa. Deixará de ser recoñecida e considerada como pobo, quedará reducida a simple condición de rexión xeográfica habitada». Esa permanencia depende, claro está, de todos nós, do gran de resistencia que queiramos opor á acelerada corrente de uniformidade que empuxa de todos os lados. A globalización tamén é cultural e o mesmo elimina un pequeno comercio que os sinais de identidade dun pobo. É, pois, unha pelexa contra o tempo, e nesta batalla o traballo de homes bos e xenerosos como Pablo Quintana semella fundamental. Admiro o seu traballo, admiro a súa dedicación e admiro tamén o entusiasmo que sente polo noso patrimonio cultural a súa difusión.

Por iso, dende logo no meu nome, pero sobre todo en nome dos nosos fillos e das xeracións futuras que, polo teu traballo e a túa dedicación de tantos anos, poderán coñecer de onde veñen e cales son as súas raíces, só dúas palabras: GRAZAS, MESTRE!!